

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 11 de xuño de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de xuño de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA-XUNTA DE GALICIA PARA REFORZAR O SNL (CONTRATAÇÃO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O SNL POR UN TOTAL DE 10 MESES) E PARA PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN POR UN TOTAL DE 85.000 EUROS, DISTRIBUÍDOS. EXPTE. 1051/334.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística do 9.06.10, con conforme da concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación da solicitude de subvención, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para reforzar o SNL (contratación de persoal técnico para o SNL por un total de 10 meses) e para Programas de dinamización por un total de 85.000 euros, distribuídos do seguinte xeito: 35.000 euros para a contratación de persoal e 50.000 euros para os programas de dinamización lingüística."

3.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO-2009 E ABRIL 2010. EXPTE. 19864/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta da técnica de RR.HH. do 27.05.10, co conforme da xefa da Área de Réxime Interior, o informe do técnico de Intervención, do 7.06.10, con conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de DECEMBRO-2009 E ABRIL-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Miguel Angel Alonso Alonso	Decembro-2009	267,00
Central	De Guillermo Abelleira Porrua a José A. Rodríguez Souto	Decembro-2009	182,00
Limpieza	De José A. Comesaña Davila a Florentino Prieto Domínguez	Decembro-2009	173,00
Parque Central (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Decembro-2009	66,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a José Riveiro Rodríguez	Decembro-2009	285,30
Desinfección	De Higinio Durán Cabobianco a José Manuel Sousa Atrio	Decembro-2009	92,00
OSPPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero-Gil Delgado	Decembro-2009	140,30

Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Decembro-2009	63,30
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Abril-2010	275,00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a Rodrigo Rodríguez Rocha	Decembro-2009	332,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Abril-2010	2.228,00
Bombeiros (Oficinas)	De M ^a Luz Palmás Calvar	Decembro-2009	42,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Vázquez Rial, Ramón	Decembro-2009	89,00
Montes, Parques e Xardíns	De Joaquin Domínguez Casales a Adolfo Troncoso Campos	Decembro-2009	612,00
1 ^a Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Abril-2010	72,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Decembro-2009	48,00
Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbello	Decembro-2009	31,00
Policía Local Xulgados	De Constante Alonso Caride a José Vila Campos	Abril-2010	1.152,00
Policía Local Horas en exceso	De David Alonso Duarte a Pablo Vila Campos	Abril-2010	798,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 65.298,22 € (SESENTA CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS).

4.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2010.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta da técnica de RR.HH. do 14.05.10, co conforme da xefa do Servizo de Recursos Humanos, o informe do técnico de Intervención, do 7.06.10, con conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	Abril	De Pardellas Avión, Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel	192,96	174,08	367,04
1 ^a Tenencia Alcaldía	Abril	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	168,84	81,60	250,44
Alcaldía	Abril	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	498,48	59,84	558,32
Alcaldía	Abril	Abalde Comesaña, Raquel	140,70	0,00	140,70
Bombeiros	Abril	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	29.410,32	18.039,04	47.449,36
Cemiterios	Abril	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova	2.652,20	0,00	2.652,20

		Acuña Delmiro			
Limpeza	Abril	De Hermida Sanmartin Juan J	209,04	394,40	603,44
Parque Central	Abril	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	1.097,46	734,40	1.831,86
Montes, Parques e Xardíns	Abril	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	1.608,00	734,40	2.342,40
Parque Móbil	Abril	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.725,59	1.189,32	2.914,91
Policía Local	Abril	De Abalde Casanova, Iván a Vivero Mijares, Guillermo	44.997,88	28.302,96	73.300,84
Museo	Abril	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	437,19	0,00	437,19
Biblioteca Central	Xaneiro a Abril	De Vázquez-Ruiz de Ocenda, Josefa a Jelusich Diz, Mª José	385,92	0,00	385,92
Electromecánicos	Febreiro Abril	De Arias Rodríguez, Dámaso	160,80	742,56	903,36
	TOTAL		83.685,37	50.452,60	134.137,97

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 134.137'97 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

5.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL. R.D. 8/2010.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do concelleiro da Área de Xestión Municipal do 9.06.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a redución das retribucións do persoal eventual da Concello de Vigo, segundo o estipulado no acordo da Comisión Executiva da FEMP do 25 de maio de 2010 para os cargos electos e altos cargos locais, a partires do 1 de xuño, como se recolle no seguinte cadro:

POSTO	PORCENTAXE REDUCIÓN	RETRIBUCIÓNS MES DENDE 1 XUÑO	14 MENSUALIDADES
Xefe Gabinete Alcaldía	7%	3.119,39	43.671,42 €
Secretario/a Particular Alcaldía	6%	2.148,57	30.079,94 €
Xefe/a Prensa Alcaldía	6%	2.522,34	35.312,75 €
Auxiliar	5%	1.533,82	21.473,51 €
Asesor/a	6%	2.148,57	30.079,94 €
Asesor/a Xeral Tenencia Alcald.	9%	4.544,53	63.623,43 €
Asesor/a Tco/a.-xefe/a Gabinete Tenencia	7%	3.354,18	43.671,42 €
Asesor/a Tco/a. Turismo Tenencia	7%	2.802,59	39.236,28 €
Asesor/a Tco/a. Comercio Tenencia	7%	2.802,59	39.236,28 €
Asesor/a Tco/a. Cultura Tenencia	7%	3.119,39	43.671,42 €
Xefe/a Prensa Tenencia	6%	2.522,34	35.312,75 €

Secretario/a Tenente Alcalde	6%	2.522,34	35.312,75 €
Asesor/a Técnico/a Tenencia	6%	2.522,34	35.312,75 €

Segundo.- En canto ás cotizacións ao Réxime da Seguridade Social (Disposición Adicional sétima) a norma contempla que do 1 de xuño ao 1 de decembro do 2010, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto no propio Real Decreto-lei, e en tanto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de maio do 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

A tal efecto, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, no seu caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico, e que integrasen dita base sen ter sido obxecto de prorrateo.

Terceiro.- Declarar recursos afectados os derivados da aplicación desta medida de redución que se destinarán ás finalidades previstas no artigo 14 do Real Decreto Lei, que declara que os aforros que se produzan en aplicación das medidas de redución de custes de persoal nos exercicios 2010 e 2011, terán a consideración de recursos afectados e destinaranse por orde de preferencia as seguintes finalidades:

1. A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación , cando este fose negativo.
2. A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
3. A financiamento de investimentos.
4. Cando non resultase de aplicación os dous primeiros apartados, os recursos non aplicados no exercicio o financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades previstas nos tres apartados anteriores.

Tendo en conta que o remanente de Tesourería correspondente a Liquidación dos Presupostos do ano 2009 arroxa un saldo positivo de 94.867.400,1 euros, non e de aplicación os aforros o apartado primeiro.

En canto a débeda, a Entidade mantén un saldo vivo de endebedamento a longo prazo a 31 de decembro de 2009 de 43.814.299,51 euros, que representa o 19,09 por 100 dos ingresos correntes liquidados dos estados consolidados, polo tanto, os recursos afectados son de aplicación a esta finalidade.

Cuarto.- Unha vez que a proposta resulte aprobada, comunicarse a unidade de formación de nóminas aos efectos da súa aplicación na formación da mesma correspondente o mes de xuño e seguintes.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

me/kv.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Julio Calviño Rodríguez.